


MEMORIA 2020-2021



O consello escolar do CEIP “Curros Enríquez” de Celanova en reunión feita o día 30 de xuño de 2020 ás 12.30 horas acorda aprobar a memoria de fin de curso 2020-2021 por unanimidade.

Celanova, 30 de xuño de 2021

A secretaria

V. e Pr.
O director

M^a Carmen Álvarez Calleja

Óscar Francisco Rodríguez Blanco

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

RESULTADOS DA AVALIACIÓN

PREVISIÓNS DE ALUMNADO PARA O VINDEIRO CURSO

ASPECTOS PEDAGÓXICOS DESTACABLES

PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO 2017/2018

CONTIDO DO CD:

MEMORIAS DE EDUCACIÓN INFANTIL

MEMORIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MEMORIAS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- **PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**
- **AUDICIÓN E LINGUAXE**

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

BIBLIOTECA

VOZ NATURA

CONTRATO-PROGRAMA

BIBLIOTECAS CREATIVAS

Introdución

Memoria

Curso escolar 2020-2021

A presente memoria recolle un resumo do que foi a actividade escolar no centro durante o curso 2020-2021.

Esta memoria pretende:

Posibilitar a avaliación e análise da actividade educativa desenvolvida ó longo do curso escolar. A finalidade desta análise é describir, valorar, interpretar, explicar e a partir de aí elaborar propostas de mellora a realizar desde o centro.

Facilitar un intercambio de ideas entre os membros da comunidade educativa.

Reaxustar intencionalmente as deficiencias detectadas, premodelando aqueles aspectos que non son útiles para a consecución dos obxectivos propostos.

Ser punto de partida para a planificación do curso seguinte posibilitando o proceso cíclico que toda a programación educativa leva consigo: planificar, desenvolver, avaliar, analizar, tomar decisións e volver planificar.

Ser coherente, real e práctico.

O equipo directivo, de acordo coa normativa vixente, fai un resumo das principais actividades e traballos realizados no colexio ó longo do curso que finaliza.

A matrícula total do curso foi de 281 alumnos. Impartíronse clases de Inglés, Psicomotricidade e Música a todos os cursos, incluídos os de Educación Infantil de 3, 4 e 5 anos aumentada a parte da lingua inglesa en infantil grazas ao programa Plurinfantil. Funcionaron as Aulas E-dixgal en 5º e 6º de EP e as seccións bilingües e aulas Plurilingües a través da asignatura de Plástica que foi impartida en inglés en 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de EP, así como Educación Física en 3º e 4º. Este ano contamos con auxiliar de conversa en lingua inglesa que repetirá experiencia para o vindeiro curso.

Todo o alumnado de Celanova que o desexou puido facer uso do transporte escolar e do comedor e amosáronse receptivos e colaboradores en canto a medidas e protocolos da crise sanitaria do COVID-19. As familias tamén.

No aspecto pedagóxico segundo se reflicta nas distintas memorias presentadas polos profesores de cada nivel, conseguíronse a maioría dos obxectivos fixados a principio de curso. Os profesores, en xeral séntense satisfeitos dos resultados obtidos, xa que a porcentaxe de ÉXITO ESCOLAR (alumnos que superan todas as áreas) en EI é do **96.39%** e en EP é do **88.87%**. Aínda así, hai algúns aspectos coma a comprensión lectora e o razoamento matemático que é preciso reforzar. É curioso observar que pese á crise mundial da COVID-19 que tivo aos alumnos e mestres seguindo os estritos protocolos de seguridade, os resultados son similares a outros cursos académicos.


O resumo das avaliacións ordinarias é o seguinte:

**PORCENTAXES DE ÉXITO ESCOLAR NA AVALIACIÓN
CEIP PLURILINGÜE CURROS ENRÍQUEZ DE CELANOVA
30 DE XUÑO DO 2021**

(Alumnos que superan todas as áreas)


EDUCACIÓN INFANTIL

3 ANOS	32 alumnos	(1) Promove o	96.87 %
4 ANOS	23 alumnos	(1) Promove o	95.65 %
5 ANOS	30 alumnos	(1) Promove o	96.66 %



EDUCACIÓN PRIMARIA

1º EP	40 alumnos	(4)	90.00 %
2º EP	19 alumnos	(3)	84.21 %
3º EP	30 alumnos	(1)	96.66%
4º EP	35 alumnos	(1)	97.14 %
5º EP	29 alumnos	(4)	86.20 %
6º EP	43 alumnos	(9)	79.06 %



		Nº de alumnos que rematan curso	Nº de alumnos que promoven	Nº de alumnos que promoven conseguindo obxectivos	Nº de alumnos que promoven sen conseguir obxectivos	Nº de alumnos que non promoven
Educación Infantil (5anos)		30	30	29	1	0
Educación Primaria	1º curso	40	39	36	3	1
	2º curso	19	18	16	2	1
	3º curso	30	30	29	1	0
	4º curso	35	35	34	1	0
	5º curso	29	29	25	4	0
	6º curso	42	42	34	9	0

PREVISIÓNS DE ALUMNADO PARA O VINDEIRO CURSO

(Tendo en conta as novas matrículas e alumnos aínda sen matricular que confirmaron que virán a este centro. Tamén se inclúen alumnos que repiten curso):

	INFANTIL				PRIMARIA							TOTAL
	3an	4an	5an	Total	1º	2º	3º	4º	5º	6º	Total	
MATRÍCULA	27	32	23	82	33	39	19	32	36	31	190	272
GRUPOS	2	2	1	5	2	2	1	2	2	2	11	16

Necesidades de novo profesorado:

- 1 mestre de apoio en EI
- 2 mestres provisionais titor de EP
- 1 mestre provisional titor de EP con perfil de LI
- 1 mestre especialista en inglés
- 2 mestres provisionais de PT

ASPECTOS METODOLÓXICOS DESTACABLES

Plans e programas que desenvolvemos:

1. Contrato-Programa: Actuacións 2 e 4
2. Convivencia
3. Equipo de Dinamización Lingüística
4. PLAMBE de biblioteca
5. Proxecta: Aliméntate ben
6. Proxecto Bilingüe e Proxecto Plurilingüe
7. Proxecto TIC-E-DIXGAL
8. Voz Natura
9. Radio Escolar

Ó longo do curso a nivel pedagóxico insistíuse fundamentalmente nos seguintes aspectos:

1 Lectura. En todos os niveis insistíuse en mellorar a lectura como un instrumento básico de todas as materias e como eixe fundamental para mellorar o rendemento escolar, houbo que adaptarse ás circunstancias.

- ▶ Compráronse libros para a biblioteca a todos os cursos.
- ▶ Actividade do día do libro.
- ▶ Grabación programa de radio sobre Xela Arias.
- ▶ Monicreques de 4º de Primaria.
- ▶ Todas as clases teñen, alomenos, unha hora semanal de biblioteca.
- ▶ Realizáronse varias actividades de contacontos subvencionados polas editoriais.
- ▶ Graváronse varios programas de radio baixo o abeiro de Radio Curros, a nosa emisora con entrevistas tan interesantes como a que se lle fixo ao adestrador do Obradoiro.

2 TIC-EDIXGAL.

O Equipo TIC coordinou ós demais equipos do centro coa axuda da contratación externa de Manuel.

Todas as clases de E. Infantil e E. Primaria contan con ordenador de aula e encerado dixital, a maioría adquiridos polo propio centro.

Todas as aulas contan con acceso a internet.

Temos unha contrata externa para mantemento de equipos e redes.

As aulas de 5º e 6º cursos de EP desenvolveron o proxecto E-DIXGAL.

A utilización dos recursos do Taboleiro Dixital alcanzou cotas moi satisfactorias por parte de tódolos mestres do centro e dos seus alumnos.

Na práctica traballouse no blog da biblioteca e na páxina web do centro.

O profesorado utilizou medios informáticos como soporte doutras materias: Lingua, Matemáticas...

Destacar o amplo uso das novas tecnoloxías durante o confinamento pasado. As actividades foron realizadas de xeito telemática dende marzo do 2020 ata final de curso e mantivéronse activas durante o curso as aulas virtuais como un medio de prevención por se xurdira un novo caso de confinamento masivo.

A implicación dos mestres no desenvolvemento das TIC como recurso educativo pode calificarse de moi satisfactoria, como pode constatarse en:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcurroscelandova/>

<http://canistrel.blogspot.com/>

- 3 **Coordinación do profesorado.** A coordinación entre o profesorado foi boa. Realizáronse as reunións pertinentes e nalgúns casos algunhas reunións excepcionais. O EQUIPO TIC que servía de base para a coordinación nos cursos xunto cos equipos de Normalización Lingüística e Actividades Complementarias e Extraescolares reuniuse todos os primeiros martes de cada mes. O Equipo de Orientación e a CCP fixo o propio o cuarto martes de cada mes.
- 4 **Disciplina.** Todos os profesores consideramos que unha boa disciplina é básica tanto para poder impartir a ensinanza como para que os alumnos adquiran uns bos hábitos de respecto, orde e traballo. Refixose o regulamento de réxime interno no tocante ao equipo de convivencia que traballou arreo nalgúns casos de disrupción especialmente no quinto curso de Primaria. O curso pasou sen outras incidencias salientables neste sentido, pero somos conscientes de que non nos debemos relaxar no que se refire ó cumprimento das normas establecidas no NOF.
- 5 **Relacións cos pais.** Estiveron informados puntualmente de calquera necesidade ou dificultade detectada nos seus fillos.

Ó comezo do curso todos os profesores tiveron reunións cos pais para explicar os obxectivos que se pretendían conseguir ó longo do curso.

- ▶ Realizouse una primeira reunión a principio de curso para explicar as liñas de actuación durante o ano: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, titorías...
- ▶ Fixéronse entrevistas individuais cos pais de alumnos que na primeira avaliación suspenderon algunha materia.
- ▶ Enviáronse cartas ós pais dos alumnos con problemas de disciplina que non melloraban o rendemento académico, ou que non facían os deberes.
- ▶ Tamén se chamaron sempre que foi necesario realizar algunha adaptación curricular ou pasar algún test específico.
- ▶ Tódolos mestres realizaron as entrevistas individuais que consideraron necesarias e estiveron accesibles ás visitas dos pais.

- ▶ Reunións cos pais dos alumnos que comezan o nivel de 3 anos para o curso 2020-2021 o venres, 3 de setembro de 2020.
- 6 **Fomento da lingua estranxeira.** O centro trata de conseguir unha boa preparación básica no idioma Inglés como instrumento importantísimo que é de formación. Empezamos xa, ós 3 anos co inglés curricular complementado polo programa “plurininfantil” da Consellería e os profesores afirman que os alumnos aprenden rapidamente o idioma nestas idades. Desenvolvemos unha SECCIÓN BILINGÜE para impartir algúns cursos de Educación Física en inglés, aparte E. Plástica en 5º e 6º E. Primaria (Arts and Crafts). Tamén nos convertemos en CENTRO PLURILINGÜE constituíndo unha experiencia enriquecedora para o alumnado e para nós. O vindeiro curso aumentaremos as horas de inglés na área de Educación Física. Contaremos coa mesma auxiliar de conversa, xa que renovou para o vindeiro curso. Unha profesora anglófona de nacionalidade filipina.
- 7 **Actividades extraescolares.** Non tivemos este ano por mor da crise sanitaria do COVID-19
- 8 **Actividades complementarias.** Consideramos que unha boa formación vai unida a estar abertos ó mundo en todas as súas manifestacións culturais, por iso procuramos poñer en contacto ós nosos alumnos con variadas experiencias que os enriquecen como persoas.
Ao longo do curso participamos en moitas e variadas actividades:

- ▶ Participamos no programa “Voz Natura” de conservación e mellora do contorno escolar. Fomento de condutas ecolóxicas.
 - ▶ Celebración do Nadal con visita do Papá Noel.
 - ▶ Celebración do Día da Paz, con varias actividades.
 - ▶ Festa do Entroido comedida e adaptada ao protocolo COVID-19.
 - ▶ Os alumnos participaron en baloncesto Basket x Libros contra o final do curso cando as medidas restritivas o comezaron a permitir.
 - ▶ Obras de teatro en inglés a través de Internet.
 - ▶ Actividades de laboratorio.
 - ▶ Introducción á robótica.
 - ▶ Especial relevancia tiveron accións como:
 - As funcións do obradoiro de monicreques.
- Salientar que houbo menos actividades por mor da crise da pandemia que azougou o mundo dende practicamente marzo do 2020.

Despois da realización de obras de grande envergadura por mor da eficiencia enerxética que propiciaron unha reforma integral do centro, cómpre salientar:

- ▶ Instalación de papeleiras novas por parte do Concello.
- ▶ Reforma da horta + valla patio infantil.
- ▶ Caucho patio infantil.
- ▶ Pintura ximnasio.
- ▶ Canalón + pintura.
- ▶ Pintura porches.

- ▶ Remates varios pintura.
- ▶ Carteis exteriores
- ▶ Policarbonato pavillón.
- ▶ Megafonía.
- ▶ Forno.
- ▶ Focos concello.
- ▶ Fotocopiadora nova.
- ▶ Pintura ventás.
- ▶ Pintura exterior pavillón.

Material comprado polo centro

- ▶ Libros para a biblioteca.
- ▶ Material deportivo.
- ▶ Pendrives.
- ▶ Discos Duros.
- ▶ Diverso material educativo para Fabio.
- ▶ Árbores e plantas ornamentais
- ▶ Material funxible diverso
- ▶ Mascarillas protectoras
- ▶ Botes de xel hidroalcohólico
- ▶ Desinfectante.
- ▶ Fotocopiadora.

PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO 2021/2022

- ▶ Mellorar o rendemento académico do alumnado, en especial en lectura, escritura, cálculo e razoamento matemático.
- ▶ Continuar mellorando na funcionalidade e organización da biblioteca.
- ▶ Fomentar unha maior rendibilidade do laboratorio.
- ▶ Impulsar novas extratexias para dinamizar o Plan Lector.
- ▶ Solicitar os Contratos-Programa.
- ▶ Solicitar programa de Robótica da Xunta de Galicia.
- ▶ Seguir a traballar pola disciplina no centro a todos os niveis facendo uso do laboratorio de convivencia.
- ▶ Renovar o compromiso dos mestres na dinamización das actividades do centro.
- ▶ Usar a páxina web como ferramenta operativa para a vida escolar.
- ▶ Fomento de hábitos saudables: Plan Xermoliño, Móvete 15, Basket por libros...
- ▶ Manter a seguridade do centro con revisións de todas as súas instalacións.
- ▶ Reforzos nos horarios dos mestres.
- ▶ Solicitar o acondicionamento das aulas que nos restan por acondicionar.